

O OFICIO DE LAVAR UNHA CARTOGRAFÍA SENSIBLE

EXPOSICIÓN TEMPORAL
UNIDADE DIDÁCTICA
PRIMARIA E SECUNDARIA



Durante boa parte do 2025, teremos no Museo das Mariñas a exposición temporal “**O oficio de lavar: unha cartografía sensible**” de Xoana Abreira.


Nesta intervención, Xoana aborda o antigo oficio das lavandeiras, con diferentes pezas que nos remitirán ao pasado brigantino e ás historias de vida destas mulleres.



A exposición está composta por diferentes pezas que recollen dende listados de prezos a reclamacións feitas por estas mulleres, novas dos xornais, planos ou mapas non hexemónicos que sinalan onde estarían estes núcleos de socialización no municipio de Betanzos.

O proxecto de Xoana, que nace tras unha conversa ca súa avoa, foi recoñecido con diversos premios en materia de igualdade e permite que crianzas e adolescentes abordan os seguintes conceptos:

- O coñecemento do noso pasado máis próximo: a través de testemuñas directas das mulleres e dun dos oficios máis numeroso e menos recoñecido do panorama sociolaboral local.
- A modernización das tecnoloxías e os cambios nos modos de vida do último século.
- A identificación do patrimonio ligado a este oficio e a outras actividades propias das mulleres.

Entendemos que a exposición pode funcionar como un punto de conversa interxeracional, proporcionándolle aos máis pequenos o coñecemento dunha realidade que poderá ser compartida nas súas casas para lograr novas testemuñas desta cuestión.





Proposta de actividade no Museo das Mariñas.

1º Visita guiada por persoal do Museo das Mariñas á exposición O oficio de lavar: unha cartografía sensible e á parte do museo dedicado aos irmáns García Naveira.

2º Visita guiada por persoal do Museo das Mariñas ao Lavadoiro Gratuíto das Cascas, obra dos irmáns García Naveira e unha das arquitecturas ligadas a este oficio máis senlleiras de todo o país.

Proposta de actividade nas aulas.

1º Crear un cuestionario para, a modo de pequenos historiadores e historiadoras, conversar cos maiores da casa e do noso entorno, tratando de coñecer este e outros oficios do noso pasado.

2º Entrevistar a persoas maiores seguindo o cuestionario, transcribindo o máis interesante das súas respostas.

3º Analizar en conxunto na aula os resultados, en todo o referido ao pasado destas mulleres tanto en Galicia como noutras culturas no caso de que teñamos compañeiros procedentes doutras latitudes.

4º Crear un dossier cas respostas e as análises realizadas e compartir os resultados co Museo das Mariñas.

